




2.- Descrición do sistema sanitario galego

2.1.- MARCO NORMATIVO DA SANIDADE PÚBLICA E PRIVADA

Para comeza-la análise normativa da sanidade faise preciso delimita-lo marco competencial entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia. Este marco está configurado, por un lado, polo artigo 149.1º.16ª. da Constitución Española, que establece que *“o Estado ten competencia exclusiva en materia de sanidade exterior; bases e coordinación xeral da sanidade; lexislación sobre produtos farmacéuticos”*, e, por parte da Comunidade Autónoma, polo artigo 33 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que recolle a facultade de execución da lexislación básica estatal, establecendo *“que lle corresponde á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior”*.

Dentro do exercicio das súas competencias, o Estado dicta a Lei 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad, en cumprimento do mandato recollido no artigo 43 da norma constitucional, que recolle *“o dereito de tódolos cidadáns á protección*

da saúde, recoñecendo a competencia dos poderes públicos para organizar e tutela-la saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios. Asimesmo, o citado precepto remata establecendo que os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, educación física e o deporte”.

A citada Ley General de Sanidad ten a condición de norma básica, do xeito previsto no antedito artigo 149.1º.16ª do texto constitucional, sendo precepto de aplicación en todo o territorio nacional, agás o relativo a determinadas facultades do persoal ó servizo das Administracións públicas que desenvolva funcións de inspección, e o disposto nos artigos 57 a 69 do Capítulo III, relativo ás *Areas de Saúde*, do Título III, *Estructura do Sistema Sanitario público*.

O obxecto da Ley General de Sanidad é, pois, a regulación xeral de tódalas accións que permitan facer efectivo o dereito á protección da saúde. Os titulares deste dereito son tódolos españois e os cidadáns estran-

xeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional. Os estranxeiros non residentes e os españois fóra do territorio nacional teñen garantido tal dereito na forma que as leis e convenios establezan.

A lei prevé un sistema xeral de asistencia sanitaria, médica, farmacéutica e hospitalaria, con especial insistencia na mención preventiva e a educación sanitaria.

Dentro do marco estatal, atópase tamén a Ley Orgánica 3/1986, 14 de abril, de Salud Pública, lei que establece que as autoridades sanitarias das distintas Administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas de recoñecemento, tratamento e hospitalización ou control cando o esixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolva unha actividade.

Asimesmo, neste marco normativo, está a Ley 25/1990, de 20 de decembro, del Medicamento, norma que xurde da competencia exclusiva do Estado sobre lexislación de produtos farmacéuticos e dentro do dereito á protección da saúde do antedito artigo 43 do texto constitucional. O obxectivo primordial da lei é contribuír á existencia de medicamentos seguros, eficaces e de calidade, correctamente identificados e con información apropiada, e para conseguilo establece o principio de intervención pública, unha lista pechada de categorías de medicamentos legais, as condicións ás que deben axustarse a investigación de medicamentos e os criterios que deben rexe-la avaliación, previa á autorización, da especialidade farmacéutica para comprobar que se pode poñer no mercado.

En materia de produtos farmacéuticos, a Comunidade Autónoma ten competencias para a execución da lexislación estatal,

segundo o artigo 33.3. do Estatuto de Autonomía.

En inmediata relación coa sanidade, o Real Decreto Legislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Ley General de Seguridad Social, de competencia estatal en materia de lexislación básica de acordo co artigo 149.1.17 da Constitución, contempla entre a acción protectora do sistema de Seguridade Social a asistencia sanitaria nos casos de maternidade, enfermidade común ou profesional e de accidentes, sexan ou non de traballo, prestación xa contemplada no D. 2065/1974, de 30 de maio, polo que se aprobaba o Texto Refundido da Ley General de Seguridad Social, de 21 de abril de 1996, e da Ley 24/1972, de 21 de xuño, e que foi obxecto de refundición polo Real Decreto antedito. Neste campo, por Real Decreto 1088/1989, 8 de setembro, exténdese a cobertura da Seguridade Social no relativo ás prestacións de asistencia sanitaria, ás persoas sen recursos económicos suficientes. A asistencia sanitaria recoñecida a estas persoas ten idéntica extensión, contido e réxime que a prevista no réxime xeral da mesma.

Dentro do marco normativo da Comunidade Autónoma, e sobre a base do artigo 33 do Estatuto de Autonomía, e en concordancia coa Ley General de Sanidad, créase, por Lei 1/1989, 2 de xaneiro, o Servicio Galego de Saúde (Sergas), un organismo único que xestiona os servizos sanitarios existentes en Galicia sen prexuízo da súa coordinación cos demais servizos de saúde do Estado. Configúrase o Sergas como un organismo autónomo de carácter administrativo, dotado de personalidade xurídica propia, adscrito á Consellería de Sanidade, que exercerá a dirección e control do mesmo.

A organización e funcionamento do Sergas responderá (artigo 2 da lei de creación) ós principios de integración, desconcentración, simplificación, racionalización, econo-

mía, eficacia e participación democrática da comunidade.

A Lei de creación do Sergas foi obxecto dunha profunda reforma por Lei 8/91, de 23 de xullo, no relativo ás funcións do servizo, estruturación dos órganos do mesmo e constitución dos Consellos de Saúde de Area.

Dentro do marco autonómico de saúde pública, dítase a Lei 5/1983, 30 de xullo, de Sanidade Escolar, así como a Lei 2/1996, 8 de maio, de Galicia sobre Drogas, que ten como finalidade dotar dun marco amplo a necesaria revisión do Plan Autonómico sobre Drogodependencias (PAD) de 1986, de xeito que supoña un sólido apoio na solución do problema das drogas.

A Lei xurde dándolle cumprimento ó dictame da comisión non permanente para o estudo da repercusión socioeconómica e sanitaria do narcotráfico en Galicia, aprobado polo Parlamento galego, dictame que deu lugar tamén ó Decreto 33/1993, 19 de febreiro, polo que se creaba o Comisionado do Plan Autonómico sobre Drogodependencias, e o Decreto 86/1994, 14 de abril, no que se establece a estrutura e as funcións da oficina do Comisionado do PAD, reforzada posteriormente polo Decreto 174/1994, 2 de xuño, que creou as comisións de coordinación interconsellerías, interadministracións públicas e de organizacións non gobernamentais, como órganos colexiados coa finalidade de garantir a coordinación de tódalas institucións que inteveñen no campo das drogodependencias.

A Lei 5/1983, 30 de xullo, de Sanidade Escolar, tamén dentro do marco estatutario do artigo 33.1, parte da importancia da sanidade escolar dentro do ámbito da acción sanitaria en xeral, tanto pola ampla porcentaxe de poboación que comprende, como polas peculiaridades do período de idade que abarca, caracterizado polo crecemento e o desenvolvemento físico, mental e social.

Fíxanse no texto, como obxectivos fundamentais, a protección e promoción da saúde dos escolares mediante a educación sanitaria, os exames de saúde e as prácticas de menciña preventiva aconsellables en cada caso, complementando todo isto coa necesaria información constante en materia de sanidade escolar do persoal sanitario e docente e a investigación neste eido.

Unha vez delimitado o marco legal, de seguido desenvólvese o marco normativo autonómico máis significativo, comenzando polo proceso de transferencias e completando o panorama cunha táboa cronoloxía das disposicións publicadas. Concrétase este marco no período que comprende do ano 1982 ó ano 1998, ambos inclusive. Inclúense na relación Regulamentos, Ordes e Resolucións, agás no período que comprende no ano 1982 a 1990, no que só se inclúen Decretos e Leis.

Os servizos de saúde pública e os funcionarios sanitarios locais encargados de prestalos foron transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia por RD 1634/1980, de 31 de xullo, completado polo RD 2308/1984, de 19 de decembro, que procedeu á valoración definitiva e á ampliación de medios e servizos traspasados.

A rede asistencial da extinguida A.I.S.N.A., composta polo hospital psiquiátrico “Dr. Cabaleiro Goás”, de Toén, Ourense, os dispensarios de enfermidades do tórax, os centros de saúde mental e os centros de diagnóstico e orientación terapéutica, hoxe centros de saúde mental infantil-xuvenil (agás os hospitais do tórax, que se integraron na rede do Insalud), transfíriuse a través do RD 1995/1985, de 9 de outubro, ampliado polo RD 232/1987, de 6 de febreiro.

A partir destas primeiras **transferencias** que son a orixe do sistema, o proceso continuou, cronoloxicamente, co seguinte desenvolvemento normativo:

R.D. 1679/1990, 28 de decembro, de traspasos de funcións e servicios do Insalud.

Decreto 16/91, 11 de xaneiro, de asunción e asignación de funcións e servicios traspasados do Insalud.

Decreto 373/92, 17 de novembro, de transferencia á Comunidade Autónoma do hospital médico-cirúrxico provincial de A Coruña e sanatorio psiquiátrico de Conxo.

Decreto 22/93, 28 de xaneiro, transferencia á Comunidade Autónoma do hospital Santa María Nai, en Ourense.

Decreto 27/94, 4 de febreiro, de transferencia á Comunidade Autónoma do hospital municipal Nicolás Peña, en Vigo.

Decreto 66/96, 8 de febreiro, de transferencia á Comunidade Autónoma do complexo hospitalario provincial Rebullón, da Deputación de Pontevedra.

RD 212/96, 9 de febreiro, ISM, traspaso de funcións e servicios da Seguridade Social en materia de asistencia sanitaria.

Decreto 80/96, 29 de febreiro, ISM, asunción de funcións e servicios transferidos en materia de asistencia sanitaria.

Decreto 276/96, 4 de xullo, asunción de medios persoais traspasados do Estado polo Hospital Militar de A Coruña.

Táboa cronolóxica de disposicións

- Decreto 133/1982, de 4 de novembro, polo que se regulan as condicións sanitarias dos cemiterios de Galicia, modificado por Decreto 137/86, 30 de abril.

- Decreto 108/83, 14 de xullo, polo que se establecen as condicións sanitarias do transporte de restos humanos e a regulación sanitaria das empresas funerarias.

- Decreto 7/1984, 9 de febreiro, polo que se establecen normas sobre uso e consumo de tabaco e prevención do tabaquismo.

- Decreto 99/1984, de 7 de xuño, sobre centros, servicios e establecementos sanitarios.

- Decreto 126/1984, de 27 de xullo, polo que se aproba o mapa sanitario de Galicia.

- Decreto 147/1984, 13 de setembro, sobre autorización de centros, servicios e establecementos sanitarios.

- Decreto 179/1984, de 27 de decembro, sobre prevención do bocio endémico.

- Decreto 44/1985, 14 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de sanidade escolar.

- Decreto 62/1985, 21 de marzo, sobre ordeación zootécnica das granxas de coellos.

- Decreto 157/85, de 11 de xullo, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia sanitaria.

- Decreto 186/1985, 18 de xullo, polo que se establece o uso obrigatorio do libro de saúde infantil galego.

- Decreto 239/86, 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de manipuladores de alimentos.

- Decreto 328/86, 30 de outubro, que regula o control de biotoxinas en moluscos bivalvos.

- Decreto 28/87, 29 de xaneiro, sobre transporte do gando en vivo.

- Decreto 54/1987, de 26 de febreiro, polo que se regula o establecemento de oficinas de farmacia a menos de douscentos cincuenta metros dos centros públicos de asistencia sanitaria.

- Decreto 111/87, de 14 de maio, polo que se regula o traslado voluntario dos sanitarios locais con destino en casas de socorro.

- Decreto 55/89, 6 de abril, polo que se aproba a revisión do mapa sanitario de Galicia.

- Lei 17/89, de 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ó servizo da Comunidade Autónoma, desenvolvida por D 303/90, de 31 de maio.

- Decreto 273/1990, polo que se regula a publicidade sanitaria na comunidade autónoma de Galicia.

- Orde 2 de xaneiro 1991, desenvolvemento de campañas de saneamento gandeiro.

- Decreto 20/1991, 17 de xaneiro, polo que se aproba o presuposto de ingresos e gastos de servizos do Insalud para 1991.

- Orde 17 de xaneiro de 1991, desenvolve o Decreto 20 de setembro de 1990, en materia de hemodoazón-hemoterapia e bancos de sangue.

- Decreto 148/91, 2 de maio, sobre órganos de dirección e colexiados dos hospitais dependentes da Consellería de Sanidade.

- Decreto 191/91, 30 de maio, inspección veterinaria de carnes frescas.

- Decreto 200/91, 13 de xuño, reestruturación de servizos veterinarios oficiais.

- Orde 10 de setembro de 1991, crea o Comité Asesor para a utilización terapéutica da hormona do crecemento.

- Orde 10 de setembro de 1991, crea o Comité Asesor para a utilización terapéutica de eritropoyetina.

- Orde 14 de outubro de 1991, marcado de carnes de animal.

- Decreto 379/91, de 7 de novembro, crea os Consellos Asesores Técnicos da Consellería de Sanidade

- Orde 2 de xaneiro de 1992, de estrutura médica do Instituto Galego de Oftalmoloxía.

- Orde 15 de xaneiro de 1992, centros hospitalarios concertados: pago por dispensación de determinados medicamentos.

- Orde 20 de xaneiro de 1992, estrutura orgánica e administrativa do Instituto Galego de Oftalmoloxía.

- Decreto 50/92, 19 de febreiro, de creación da área de saúde de O Barco de Valdeorras.

- Orde 20 de abril de 1992, modifica a Orde 10 de xullo de 1987, de autorización de centros sanitarios extractores y transplantadores de órganos.

- Orde 7 de maio de 1992, actos de carácter científico: recoñecemento.

- Decreto 126/92, 14 de maio, Inspección

de Servizos Sanitarios, ordeación de funcións.

- Orde 8 de xuño de 1992, creación da Oficina de Coordinación de Transplantes.

- Decreto 173/92, 18 de xuño, modifica o Regulamento sanitario de piscinas de uso colectivo. (Decreto 53/1989, de 9 de marzo).

- Orde 2 de setembro de 1992, estrutura básica do sistema de información en área asistencial dos centros de atención especializada.

- Orde 2 de setembro de 1992, de estrutura básica do sistema de información de centros de atención especializada en área asistencial.

- Lei 13/92, 9 de novembro, de creación da área de saúde de O Salnés.

- Decreto 324/92, 17 de novembro, polo que se desenvolve a Lei de creación da área de saúde de O Salnés.

- Resolución 24 de novembro de 1992, recoñecemento de porcos sacrificados en réxime de matanzas domiciliarias.

- Decreto 33/93, 19 de febreiro, crea o Comisionado do Plan Autonómico sobre Drogodependencias.

- Decreto 71/93, 18 de marzo, órganos de dirección de asistencia especializada e funcións da área de Santiago de Compostela.

- Orde 7 de abril de 1993, conxunto mínimo de datos de alta hospitalaria.

- Decreto 113/93, 12 de maio, normas de protección da saúde da poboación na promoción, venda e consumo de produtos de tabaco.

- Orde 28 de maio de 1993, deroga a orde 17.1.91, de creación do Centro de Transfusións de Galicia en Santiago de Compostela.

- D.O.G. 8 de xuño de 1993, publícase Orde de clasificación, declaración e recoñecemento da fundación Centro de Transfusións de Galicia.

- Decreto 152/93, 24 de xuño, tarifa do Instituto Galego de Oftalmoloxía en materia de intervencións de ciruxía refractiva.

- Decreto 171/93, 29 de xullo, autorización de oficinas de farmacia, modificado por Decreto 156/94, 2 de xuño.

- Decreto 200/93, 29 de xullo, de ordeación da Atención Primaria, modificado por Decreto 161/96, de 25 de abril.

- Orde 7 de outubro de 1993, tarxeta individual sanitaria.

- Orde publicada en DOG 22 de novembro de 1993, declara de interese galego a inscrición da Fundación Pública Hospital de Verín.

- Decreto 291/93, 11 de decembro, de estrutura orgánica das Consellerías, adscribe o Sergas á Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

- Orde 21 de febreiro de 1994, regula a suplencia de órganos de dirección de centros de atención primaria.

- Resolución 5 de abril de 1994, sobre carácter retribuído de servizos hemoterápicos.

- Orde 27 de abril de 1994, normas de desenvolvemento de campañas de saneamento gandeiro.

- Orde 4 de maio de 1994, crea a Unidade de Codificación Diagnóstica.

- Decreto 178/94, 16 de xuño, desenvolve a estrutura organizativa do complexo hospitalario de Santiago de Compostela.

- Decreto 201/94, 16 de xuño, incorporación de persoal laboral fixo das irmandades de doadores de sangue.

- Orde 22 de xuño de 1994, crea a tarxeta de doador de órganos e tecidos.

- Decreto 229/94, 14 de xullo, de creación do Instituto de Medicina Técnica (Medtec).

- Orde 27 de xullo de 1994, sobre ficheiros automatizados con datos de carácter persoal.

- Decreto 252/94, 29 de xullo, Xerencias de Atención Primaria, creación e estrutura directiva.

- Orde 29 de xullo de 1994, de réxime transitorio para provisión de prazas vacantes de farmacéuticos titulares.

- Orde 30 de setembro de 1994, réxime xurídico de nomeamentos de persoal interino e substituto de médicos, practicantes e matronas titulares.

- Decreto 339/94, 27 de outubro, integración na Seguridade Social do persoal do

hospital psiquiátrico “Dr. Calaleiro Goás”, de Toén.

- Decreto 355/94, 2 de decembro, traslado de animais e aprobación de modelos oficiais de autorización oficial de traslados.

- Decreto 363/94, 2 de decembro, deroga o Decreto 25.4.91, que crea o Instituto Galego de Oftalmoloxía.

- Decreto 389/94, 15 de decembro, regulación da saúde mental e asistencia psiquiátrica.

- D.O.G. de 13.02.95, clasifícase como de interese científico sanitario o Instituto Galego de Oftalmoloxía.

- Orde 7 de febreiro de 1995, pola que se crea o rexistro de enfermos renais.

- Decreto 122/95, 20 de abril, modifica o Decreto 9.3.89 que aproba o Regulamento sanitario en materia de piscinas de uso colectivo.

- Decreto 125/95, 10 de maio, crea o rexistro de explotacións agrarias elaboradoras de produtos lácteos tradicionais a base de leite crú de vaca.

- Orde 11 de maio de 1995, desenvolve a estrutura directiva das xerencias de Atención Primaria.

- Decreto 172/95, 18 de maio, aprobación do Plan de Urxencias Extrahospitalarias.

- Orde 23 de maio de 1995, solicitude de apertura e reapertura e aprobación do libro de rexistro oficial de control sanitario das piscinas de uso colectivo.

- Orde 6 de xuño de 1995, regulación da tarxeta acreditativa do persoal de inspección sanitaria.

- Orde 9 de xuño de 1995, normas para concesión de subvencións a proxectos de investigación/acción sobre a sida.

- Orde 15 de xuño de 1995, completa a estrutura normalizada do sistema de información sanitaria de hospitais, modificada por Orde 14 de xaneiro de 1997.

- Decreto 177/1995, 16 de xuño, regulación da tarxeta sanitaria, desenvolvido por Orde 12 de xullo de 1995.

- Decreto 178/95, 16 de xuño, deroga o Decreto 9.2.1984, de vacina contra a hepatite B.

- Orde 26 de xuño de 1995, normalización de memorias dos hospitais do Servicio Galego de Saúde.
- Orde 4 de agosto de 1995, modifica a Orde 15.5.1990, de tratamento con opiáceos de persoas dependentes.
- Orde 7 de agosto de 1995, de procedemento de reintegro de gastos en caso de asistencia sanitaria con medios alleos ó Sergas.
- Orde 23 de agosto de 1995, condicións para traslado e circulación de animais e autorización a veterinarios de entidades asociativas de gandeiros para expedir autorizacións, así como libro rexistro de movementos e compravenda de gando.
- Orde 9 de outubro de 1995, regula a coordinación de atención urxente extrahospitalaria.
- Orde 30 de outubro de 1995, programa de control sanitario de matanzas domiciliares de porcino para autoconsumo.
- Orde 14 de novembro de 1995, programa de actuacións para control de biotoxinas mariñas en moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, marisqueo e acuicultura.
- Orde 4 de decembro de 1995, sistema de tarxeta sanitaria: crea o ficheiro automatizado de datos de carácter persoal
- Decreto 32/96, 25 de xaneiro, regula ensaios clínicos con medicamentos.
- Orde 29 de xaneiro de 1996, ordeación de dispositivos de saúde mental de Ourense.
- Decreto 66/96, 15 de febreiro, de tarifas de servizos sanitarios dos centros dependentes do Sergas.
- Decreto 226/96, 25 de abril, regula o réxime retributivo do persoal de unidades e servizos de atención primaria.
- Orde 26 de abril de 1996, sobre o carácter retribuído dos servizos da Unidade de criopreservación.
- Orde 30 de maio de 1996, réxime xurídico aplicable, como consecuencia do novo modelo de atención primaria, para os médicos e practicantes titulares.
- Orde 11 de xullo de 1996, crea o Comité Ético de Investigación Clínica.
- Decreto 288/96, 12 de xullo, competencia e procedemento para a autorización de apertura de oficinas de farmacia.
- Orde 19 de xullo de 1996, modifica Orde 14.2.95, que modifica composición e funcións da Comisión Asesora sobre Diabetes.
- Orde 23 de xullo de 1996, integración do persoal de atención primaria no sistema deseñado no decreto 29.7.93.
- Orde 31 de xullo de 1996, regula a toma de mostras para análises clínicos, por persoal practicante, ATS/DUE dependente do Sergas.
- Orde 26 de agosto de 1996, sobre efectividade económica do novo modelo retributivo do persoal de unidades e servizos de atención primaria
- Orde 2 de outubro de 1996, modifica a Orde 12.11.1986, de creación da Comisión Asesora en materia de saúde mental.
- Orde 4 de novembro de 1996, baremo para a autorización de apertura de oficinas de farmacia, modif. por Orde 6 de outubro de 1997. Modif. por Orde 18 de decembro de 1997.
- Orde 5 de novembro de 1996, regula as autorizacións para balnearios.
- Orde 13 de novembro de 1996, revisión de prezos e tarifas máximas de servizos concertados de transporte sanitario.
- Decreto 447/1996, 26 de decembro, polo que se establecen as bases para a homologación e integración funcional do persoal transferido á Xunta de Galicia dos centros sanitarios das corporacións locais, de persoal pertencente ó Sergas con vínculo xurídico funcional dos corpos e escalas da Administración especial sanitaria e corpos xerais e doutro persoal con vínculo laboral fixo.
- Lei 12/96, 27 de decembro, de creación do Colexio Oficial de Podólogos.
- Resolución 14 de xaneiro de 1997, en materia de codificación diagnóstica sobre o uso da CIE-9-MC, 2ª edición en castelán.
- Orde 15 de xaneiro de 1997, completa a normalización das memorias dos hospitais de Sergas.

- Orde 16 de xaneiro de 1997, posibilita o uso de recetas oficiais a facultativos que non teñan a condición de estatutarios ou funcionarios e presten servizos a pacientes do Sergas.

- Decreto 14/97, 23 de xaneiro, sobre funcionarios asumidos por Decreto 29.2.96, pertencentes a corpos e escalas de carácter sanitario: integración en corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, escala de Saúde Pública e Administración Sanitaria, clase de inspectores médicos.

- Decreto 22/97, 30 de xaneiro, sobre tarifas de servizos sanitarios de Centros dependentes do Sergas.

- Orde 7 de febreiro de 1997, de prestación ortoprotésica.

- Orde 11 de marzo de 1997, autoriza o carácter retribuído de irradiación de compoñentes sanguíneos e de realización de probas analíticas pola fundación Centro de Transfusións de Galicia.

- Decreto 74/97, 10 de abril, crea o Servizo Xurídico de Inspección Sanitaria.

- Resolución 27 de maio de 1997, pacto con centrais sindicais sobre nomeamento de médicos especialistas en pediatría que presten servizos en atención primaria de saúde.

- Orde 3 de xuño de 1997, sobre obrigatorio de identificación de persoal facultativo e auxiliar de oficinas de farmacia.

- Orde 1 de xullo de 1997, de modalidades de formalización de vínculo de persoal temporal de institucións sanitarias.

- Orde 23 de xullo de 1997, proceso de integración en réxime estatutario de persoal do "Hospital Médico Cirúrxico Provincial e Sanatorio Psiquiátrico de Conxo".

- Decreto 217/97, 24 de xullo, regula actividades relativas á utilización de tecidos humanos.

- Orde 31 de xullo de 1997, que crea a Comisión Técnica de Suministros do Sergas.

- RD 1379/97, 29 de agosto, de execución da lexislación sobre produtos farmacéuticos, traspaso de funcións e servizos do Estado.

- Decreto 255/97, 10 de setembro, crea

o servizo de Aproveitamento dentro da Subdirección Xeral de Presupostos.

- Orde 10 de setembro de 1997, regula o exercicio de funcións de saúde pública dos médicos e practicantes titulares que opten por integrarse en unidades de atención primaria.

- Instrución 16 de setembro de 1997, procedemento administrativo de existencia de responsabilidade da Administración en caso de danos derivados de asistencia sanitaria.

- Decreto 288/97, 9 de outubro, de asignación de funcións e servizos traspasados en materia de lexislación sobre produtos farmacéuticos.

- Resolución 13 de outubro de 1997, autoriza o carácter retribuído do servizo Pool de Plaquetas Buffy Coat Adulto (5 unidades).

- Decreto 305/97, 23 de outubro, regula hemodíalisis e hemoterapia.

- Orde 10 de novembro 1997, de normas de revisión das condicións económicas da asistencia sanitaria concertada polo Sergas.

- Decreto 460/97, de 21 de novembro de xestión de residuos.

- Orde 25 de novembro de 1997, clasifica de interese sanitario a Fundación Pública Hospital da Barbanza (constituída por escritura pública o 4 de setembro de 1997).

- Orde 25 de novembro de 1997, clasifica de interese sanitario a Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira (constituída por escritura pública o 4 de setembro de 1997).

- D.O.G. 1 de decembro de 1997, clasifica a Fundación Pública Hospital da Barbanza como de interese galego.

- Decreto 42/98, do 15 de xaneiro, polo que se regula o transporte sanitario.

- Orde 16 de xaneiro de 1998, pola que se declara de interese social a Fundación Lar Pro Salud Mental.

- Orde 27 de xaneiro de 1998, pola que se clasifica como de interese sanitario a Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria.

- Decreto 48/1998, do 5 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica dos

servicios centrais da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.

- Decreto 49/1998, de 5 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica dos servicios centrais do Servicio Galego de Saúde.

- Decreto 57/1998, de 5 de febreiro, polo que se establecen as tarifas dos servicios sanitarios prestados nos centros dependentes do Sergas.

- Decreto 69/1998, de 5 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a discapacitados na comunidade autónoma de Galicia.

- Orde 10 de febreiro de 1998, pola que se declara de interese galego a Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria e se ordea a súa inscrición no rexistro de fundacións de interese galego.

- Orde 20 de febreiro de 1998, pola que se declara de interese galego a Fundación Lar Pro Salud Mental e se ordea a súa inscrición no rexistro de fundacións de interese galego.

- Decreto 134/ 98, de 23 de abril, de policía mortuoria.

- Orde 11 de marzo de 1998, pola que se establecen axudas para o tratamento de drogodependencias en comunidades terapéuticas. ■

